

COMO FACER UNHA DEFINICIÓN:

O que non se debe facer:

1. Non podemos usar palabras complexas: tense que entender
2. Non se pode empregar a palabra que se define (definición circular)
3. Non se pode definir en negativo, sempre ten que ser en positivo
4. Non se pode definir con sinónimos, aínda que estes si poden aparecer na descrición.
Ex. GUAPO: dise da persoa que é fermosa (guapo = fermoso)
5. Non debe ser moi longa. Hai que procurar condensar a información nunha oración.

Como se debe facer:

Hai que identificar a categoría de palabra e, en función dela, elaborar a definición:

1. **Substantivos:** buscar o hiperónimo (termos globalizadores de xénero: persoa, animal, obxecto, sentimento...) e logo indicar a característica diferencial. Ex. Animal doméstico da familia dos cánidos.
2. **Adxectivos:** definir cunha oración de relativo. Ex. Que se le con facilidade.
3. **Verbos:** unha maneira de definilos é empregar unha forma verbal sinónima e detallar algo máis o seu significado. Ex. CAER: Vir abaixo un corpo polo seu propio peso. / FITAR: Mirar fixamente para algo ou alguén.
4. **Adverbios:** pódese recorrer ás fórmulas "en..., con..., de maneira..." Ex. FÓRA: no exterior do tempo ou do espazo. / APAIXONADAMENTE: con paixón.